






O PERFIL TOPOGRÁFICO (corte topográfico)

Os cortes ou perfís topográficos serven para coñecer a forma do relevo nunha dirección determinada. As curvas de nivel son sempre pechadas e non se cortan entre si. A diferenza entre dúas curvas de nivel consecutivas é constante para cada mapa, e denomínase **equidistancia**. Nos mapas topográficos cada cinco curvas de nivel represéntase unha máis grosa, denominada **curva mestra**. Estas facilitan unha máis rápida observación do relevo. A escala do mapa expresa a relación entre as distancias representadas no mesmo e as reais.

Para confeccionar un perfil topográfico séguense os seguintes pasos:

	<p>1.- Trázase sobre o mapa topográfico, cun lapis afiado, unha liña na dirección cuxo perfil se desexa coñecer (DD' no esquema que se representa a continuación).</p>
	<p>2.- Colócase o bordo dunha folla de papel sobre a devandita liña. Márcanse as interseccións coas curvas de nivel do mapa. Anótanse as cotas das curvas de nivel.</p>
	<p>3.- Trázase un par de eixos sobre a folla de papel milimetrado. Para representa as cotas no eixo vertical é preciso ter en conta a escala do mapa; no exemplo, de escala 1: 10.000, a equidistancia de 20 metros, corresponde a 2 mm sobre o papel milimetrado.</p>
	<p>4.- Trasládanse sobre o eixo horizontal as anotacións realizadas na folla de papel.</p> <p>5.- Levántase cada un dos puntos do eixo horizontal até a altura que indique a súa cota segundo o eixe vertical.</p>
	<p>6.- Unha vez levandos todos os puntos, únense cunha liña, non totalmente recta para que dea a sensación de relevo.</p>

EXERCICIO 1

Realiza o corte topográfico desde o ponto 1 ao ponto 2.

